

## Anexo I. Metodoloxía da primeira fase do catálogo de perfís profesionais

As explicacións metodolóxicas que se presentan a continuación reflitén os diversos factores que influíron no presente traballo, así como os procedementos e técnicas implementados ao longo da investigación. O conxunto de tarefas realizadas ían encamiñadas á elaboración de 64 perfís ocupacionais, tomando en consideración diferentes elementos e factores que podían demarcar cada un dos ámbitos competenciais, laborais e económicos.

Hai que sinalar que o principal obxectivo do presente traballo é construír unha ferramenta de apoio para todos os orientadores laborais de cara a ofrecerlle información relevante aos buscadores de emprego con respecto a un conxunto diverso de ocupacións. Por conseguinte, pretendíase que a análise profesiográfica realizada para cada ocupación tivese utilidade para os diferentes organismos vinculados ao fomento e orientación sobre o emprego, polo que cumpría dispoñer dunha información actualizada e funcional.

Nun primeiro momento estableceronse os elementos que configurarían cada unha das fichas referidas a cada ocupación, agrupándose do seguinte xeito:

---

### 1 Denominación da ocupación.

Neste apartado sitúase a ocupación con respecto a nomenclaturas e grupos de ocupacións existentes.

---

### 2 Descripción da ocupación.

A través desta información delimitábase funcionalmente cada ocupación e, ao mesmo tempo, establecéanse as diversas variables relativas ao seu contorno de traballo.

---

### 3 Requisitos do traballador.

Establécese os requisitos formativos e actitudinais que esixe o mercado de traballo para unha realización óptima das funcións asociadas á ocupación.

---

### 4 Preferencias.

Sinalánse factores físicos e psíquicos que se teñen en conta dentro do mercado laboral para o desenvolvemento de cada unha das ocupacións.

---

### 5 Características da contratación.

Refírense elementos relativos ás figuras contractuais, así como á orientación sectorial e á estrutura organizativa das empresas; tamén se fai referencia aos cambios que inciden na evolución das ocupacións.

---

### 6 Formación asociada á ocupación.

Por último, exponse a Formación Profesional vinculada á ocupación, así como outro tipo de Formación complementaria

Unha vez establecidos os elementos que configurarían cada perfil, era preciso seleccionar as ocupacións que serían obxecto de estudio, para tal efecto estableceronse os seguintes criterios:

- Exclusión daquelas ocupacións que esixan unha titulación media ou superior para o exercicio das súas funcións. Exclúyanse deste xeito os mandos superiores e moitos intermedios, centrándose primordialmente no nivel de operarios.
- Exclusión de ocupacións de carácter transversal con respecto a diferentes sectores económicos. O acceso a estas ocupacións é máis complexo debido á identificación difusa das empresas onde se desenvolven profesionalmente.
- Selección das ocupacións cun volume de contratación en aumento. Tomando como referencia o período 1997-2002, estableceuse como baremo comparativo o incremento sostido do número de contratos ao longo destes anos.

Como resultado da conxunción destes criterios, foron elixidos 64 perfís ocupacionais. Non obstante, este número viuse alterado debido á presenza de diferentes factores, como:

1. En ocupacións como Azafata de degustación, Extra de cine, Músico de sala de festas e Demostrador de produtos de comercio, considerouse que o seu forte volume de contratación era debido ao alto nivel de eventualidade, o que deturpaba a significación deste dato. Por conseguinte, optouse por prescindir de realizar a análise destas ocupacións.
2. Por outra parte, e como consecuencia das demandas expresadas polos observadores sectoriais e ocupacionais, optouse por incluir o perfil de operador de máquinas enlatadoras dada a súa importancia cualitativa para este sector.
3. Así mesmo, e segundo a información recollida no presente traballo, algunha das ocupacións consideradas previamente apenas tiñan diferencias significativas en relación coas funcións desenvolvidas por outras ocupacións que operaban nas mesmas actividades económicas. Esta situación era evidente para Azafata de información e Azafata auxiliar de congresos e exposicións, Operario de máquina de coser overlock e Operario de máquina industrial de coser á plana, Limpador-preparador de peixe para conserva e traballador de preparación de peixe para conserva, Electricista de mantemento e reparación e Instalador electricista, Auxiliar de enfermería hospitalaria e Auxiliar de clínica. As diferenzas eran mínimas en relación cos ámbitos competenciais e contornos de traballo, polo que se decidiu xuntar os dous perfís ocupacionais elaborados nun só. No caso de existir algúna diferenza subliñable entre os dous perfís, esta recóllense expresamente na ficha ocupacional.

## II. Fases e procedimentos

O perfil profesiográfico de cada ocupación debía ter en conta as delimitacións normativas e a súa concreción nas prácticas laborais cotiás. Aínda que o material normativo relacionado coa configuración das diferentes ocupacións é relativamente abundante, é preciso contextualizar esa información coa evolución do mercado. Así, se a análise das diferentes fontes documentais permitía establecer unha primeira hipótese de partida destinada a elaborar un perfil ocupacional, nun segundo momento contrastouse tanto no ámbito sectorial como ocupacional este material, presentando ademais información complementaria.

Polo tanto, os procedimentos seguidos na elaboración foron os seguintes:

1. Análise documental. Permitiu establecer un primeiro borrador de ficha que posteriormente sería remitido aos observadores ocupacionais, ademais proporcionou información exhaustiva sobre algúns elementos que non foi necesario que fora validada polo observadores.
2. Entrevistas en profundidade a expertos sectoriais. Estableceu un primeiro contraste da información elaborada a través da análise documental; por outra parte, permitía establecer unha validación da significación real das diversas ocupacións obxecto de estudo.
3. Enquisa autoadministrada a expertos ocupacionais. Este último contraste constituíase no máis importante, xa que dotaba de sentido e utilidade social os contidos establecidos en cada unha das fichas ao establecer a súa pertinencia como ferramenta expresiva da realidade laboral da ocupación.
4. Análise comparada das diversas fontes de información.

Os tempos de execución de cada unha das fases foi o seguinte:

FASES	SUBFASES	PERÍODO
■ 1. Análise documental		29 setembro-26 outubro
■ 2. Contraste cos observadores sectoriais		6 outubro-14 novembro
	a. Contacto dos observadores	6 outubro-31 outubro
■ 3. Contraste cos observadores ocupacionais	b. Pretest	6 novembro-21 novembro
	c. Traballo de campo	24 novembro-14 xaneiro
■ 4. Análise e presentación das fichas ocupacionais		15 xaneiro-6 febreiro

## III. Análise documental

Un dos primeiro pasos a seguir ao comezo consistiu na compilación de diversas fontes de información primaria disponíveis relativas á delimitación funcional e sectorial das diversas ocupacións. Ademais, considerouse pertinente contrastar estes materiais con información secundaria elaborada por outras entidades ou organismos oficiais para ampliar o contido da análise profesiográfica.

O obxectivo primordial desta análise era configurar un primeiro borrador de ficha ocupacional para que ulteriormente fora contrastada tanto polos observadores sectoriais como polos ocupacionais. Así mesmo, había información facilitada polo material documental que non se considerou necesario contrastar dado o carácter especializado dela, polo que foi integrada directamente á ficha final da ocupación.

As principais fontes de documentación primaria foron as seguintes:

- Certificados de profesionalidade.
- Convenios colectivos.
- Catálogo de especialidades de Formación profesional ocupacional.
- Número de contratos rexistrados no Servizo Galego de Colocación. Serie 1997-2002.
- Carnés profesionais establecidos pola Consellería de Industria e Comercio.
- Directorio de Ciclos de Formación Profesional Regrada.
- Directorio de Programas de garantía social.

Polo que respecta á información secundaria, as fontes empregadas foron as seguintes:

- Estudio de necesidades formativas do sector audiovisual de Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. 2002.
- Guía de riesgos laborales del sector de conservas de pescado y marisco. Fundación para la Prevención de Riesgos Laborales. ANFACO. 2002.
- Estudio de necesidades de Formación Profesional. Varios volumes. Instituto Nacional de Emprego. 1993.

- Clasificación Nacional de Actividades Económicas, CNAE-93. Volumes I e II. Instituto Galego de Estatística. Xunta de Galicia. 1994.
- Perfiles profesionales. Servizo Público de Empleo. Gobierno del Principado de Asturias. Temático. [princast.es/trabajastur](http://princast.es/trabajastur)
- Guía de empleo. Gobierno de Aragón.
- Ocupaciones: material de orientación profesional. Dirección General de Empleo e Inserción. Junta de Andalucía. 2003.

Ademais destes materiais, realizáronse consultas específicas en diferentes enderezos de Internet co obxectivo de afondar e contrastar as informacions contidas nos materiais expostos máis arriba.

Para unha descripción máis pormenorizada das diferentes fontes documentais consultadas para a elaboración de cada unha das fichas ocupacionais, pódese consultar a base documental presentada en formato Access.

#### **IV. Contraste con expertos sectoriais**

Concibido como unha fonte complementaria á análise documental, o contraste con expertos sectoriais constitúese nunha ferramenta útil para contextualizar as diferentes ocupacions establecidas previamente. Así, optouse por agrupar as 61 ocupacions segundo os diferentes subsectores económicos nos que podían operar, seguindo para iso a nomenclatura establecida na Clasificación Nacional de Actividades Económicas -CNAE-93-. Unha vez realizada esta operación, optouse por realizar nove entrevistas naqueles sectores que presentaban un maior número de ocupacions, se ben como criterio complementario realizaronse algunas entrevistas para ocupacions concretas nas que a información documental previa era insuficiente. Como resultado disto, a distribución das entrevistas foi a seguinte:

##### **ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE SEGUNDO OS SECTORES, OCUPACIONS E ENTIDADES**

Sectores	Ocupacions	Entidade
■ <b>Industria de produtos alimenticios e bebidas.</b>		
	1. Cocedor de peixes e mariscos	
	2. Limpiador-preparador de peixe para conserva	Asociación Nacional
	3. Operario de máquinas enlatadoras	de Fabricantes de
	4. Traballador preparador de peixe para conserva	Conservas -ANFACO-
	5. Traballador de conxelación de alimentos	
■ <b>Industria téxtil.</b>		
	1. Operario de máquina industrial de coser á plana, excepto peletería	
	2. Operario de máquinas industriais de coser overlock	
	3. Operario de máquina industrial de coser e bordar, en xeral	Selmark, S.L.
	4. Operario de máquinas de pasar o ferro de confección industrial	
	5. Modista	
■ <b>Construcción.</b>		
	1. Albanel	
	2. Canteiro de construcción	
	3. Pintor de edificios	Mahía Obras
	4. Encargado de edificación, en xeral	
	5. Encofrador	
	6. Escaiolista	
■ <b>Comercio polo miúdo</b>		
	1. Caixeiro de comercio	
	2. Dependente de comercio, en xeral	Federación Galega de Comercio
	3. Dependente de tecidos e roupa de vestir	

<b>■ Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais.</b>	1. Auxiliar de clínica 2. Auxiliar de enfermería hospitalaria 3. Celador de centro sanitario	Hospital Clínico de Santiago de Compostela
<b>■ Actividades recreativas, culturais e deportivas.</b>	1. Decorador de cine, TV ou teatro 2. Técnico de dobraxe 3. Operador de cámara de TV 4. Técnico de enlaces de unidades móviles 5. Operador de equipos de imaxe/luz en estudos	Radio Televisión de Galicia
<b>■ Hostelería.</b>	1. Camareiro 2. Camareiro de barra 3. Cociñeiro	Escola Superior de Hostalería
<b>■ Servizos auxiliares ás empresas</b>	1. Azafata auxiliar de congresos 2. Azafata de información	Orzán Congresos
<b>■ Actividades de servizos sociais</b>	1. Asistente domiciliario	Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Servizo de Cooperación coas Corporacións Locais

As persoas foron seleccionadas en función da súa experiencia laboral e do coñecemento sobre o seu sector. As súas achegas ían tanto na liña de ofrecer información relevante sobre o contexto no que operaban as diversas ocupacións, como de servir de referente á hora de acadar novos contactos e información documental relativa a elas.

Unha vez establecido o contacto telefónico co entrevistador, concertábase unha entrevista no lugar e horario que este último designaba. A duración aproximada da entrevista situouse ao redor dunha hora.

Os temas tratados na entrevista agrupáronse en tres grandes apartados:

Perspectiva sectorial.Preguntábasele ao entrevistado sobre a evolución socioeconómica do sector e as súas implicacións na dinámica laboral das empresas.

Perspectiva ocupacional.Nun primeiro momento facíase un achegamento ás principais ocupacións que segundo o entrevistado tiñan maior importancia no sector, así como as que se atopaban en recesión ou tendían a desaparecer. Posteriormente, analizábanse os contidos tanto na dimensión funcional como sociolaboral de cada unha das ocupacións que se seleccionaron previamente para ese sector.

Perspectiva metodolóxica.Neste apartado avaliábase o coñecemento que tiñan os traballadores activos e inactivos sobre o seu contorno de traballo, así como a funcionalidade dos diversos servizos de información sobre o emprego. Ademais, contrastábanse os borradores dos cuestionarios que se lles ían remitir aos observadores ocupacionais.

As entrevistas foron gravadas en soporte magnetofónico e transcribíronse literalmente.

## V. Contraste cos observadores ocupacionais

A contextualización da información procedente da análise documental e dos observadores sectoriais permitía actualizar e afondar nos diferentes elementos que establecían cada perfil profesiográfico.

O primeiro paso a seguir foi a conceptualización de observador ocupacional. Para iso elaborouse un perfil tipo de observador que respondía ás seguintes características:

1. Traballador activo. Considerouse que ofrecía máis garantías sobre o coñecemento dos contidos da ocupación un profesional en exercicio, ademais de permitir un mellor contacto con eles a través das empresas nas que traballaban.
2. Profesional con experiencia no desempeño da ocupación. Esta experiencia permitíalle establecer un ciclo evolutivo da ocupación, así como definir as diferentes variables e factores que incidían sobre ela.
3. Mandos intermedios dentro da estrutura laboral da empresa. Este criterio proporcionaba unha perspectiva comparada entre diferentes ocupacións debido a que estes mandos teñen a varios traballadores que desempeñan diferentes ocupacións baixo a súa responsabilidade. Non obstante, era necesario que tiveran experiencia no desempeño profesional da ocupación pola que se lles requiría.

Unha vez establecido o perfil tipo dos observadores ocupacionais, procedeuse a contactar coas diferentes asociacións e empresas vinculadas ás ocupacións. Para esta tarefa empregáronse diferentes directorios telefónicos, así como outras bases de datos dispoñibles. O número de observadores que se consideraba axeitado para contrastar o borrador de cada ficha ocupacional situouse entre un mínimo de 3 e un máximo de 5. A información relativa ás entidades, así como a relativa aos observadores ocupacionais, foi recollida nunha base de datos de formato Access.

O método empregado para contrastar o borrador de ficha ocupacional cos diferentes observadores ocupacionais foi o da enquisa autoadministrada. O sistema de envío da enquisa foi por correo ordinario, se ben nalgún caso empregouse o Fax ou o correo electrónico.

A remisión dos cuestionarios aos observadores ocupacionais fixose en dous momentos:

1. Estableceuse unha proba do cuestionario -pretest- mediante o envío a 31 observadores ocupacionais. Neste primeiro momento comprobouse o funcionamento das diferentes preguntas, dando como resultado a necesidade de acondicionar e optimizar o contido dos diversos cuestionarios, sobre todo no relativo ás preguntas de actividad e forma de organización das empresas.
2. Unha vez rematado o reenvío do 80% dos cuestionarios obxecto de pretest procedeuse ao envío masivo aos 300 observadores restantes. Nesta segunda quenda deuse un tempo máis dilatado de reenvío aos observadores sobre todo ao considerar que decembro é un mes con múltiples cargas de traballo ademais de contar cun notable número de días non laborais. Durante esta segunda quenda intensificáronse notablemente os contactos telefónicos cos observadores, para establecer unha liña de continuidade na remisión dos cuestionarios.

No seguinte cadro exponse a distribución dos cuestionarios enviados e remitidos segundo a ocupación:

Ocupacións	Cuestionarios enviados	Cuestionarios remitidos
■ Canteiro de construcción	6	6
■ Condutor de autobús	6	6
■ Decorador de cine, TV ou teatro	7	6
■ Técnico de dobraxe	7	6
■ Albanel	6	5
■ Auxiliar de clínica	5	5
■ Caixeiro de comercio	6	5
■ Carpinteiro	6	5
■ Celador de centro sanitario	6	5
■ Cogedor de peixes e mariscos	7	5
■ Dependente de comercio, en xeral	5	5
■ Expendedor de gasolina ou empregado de gasolinería	6	5
■ Operario de máquina industrial de coser á plana, excepto peletería	5	5
■ Operario de máquinas industriais de coser overlock	5	5
■ Peiteador de señoras	6	5
■ Pintor de edificios	5	5

■ Traballador retén de incendios forestais	5	5
■ Monitor de educación e tempo libre	5	5
■ Auxiliar de enfermería hospitalaria	6	4
■ Azafata auxiliar de congresos e exposicións	5	4
■ Azafata de información	5	4
■ Camareiro	5	4
■ Camareiro de barra	5	4
■ Clasificador-repartidor de correspondencia	6	4
■ Coidador de gardería infantil	5	4
■ Condutor de camión	5	4
■ Dependente de tecidos e roupa de vestir	5	4
■ Electricista de mantemento e reparación, en xeral	5	4
■ Encargado de edificación, en xeral	7	4
■ Encofrador	5	4
■ Entrevistador, axente de enquisas, censos	4	4
■ Escaiolista	6	4
■ Estibador	5	4
■ Limpador-preparador de peixe para conserva	6	4
■ Mariñeiro de pesca	5	4
■ Modista	5	4
■ Montador de grandes estruturas metálicas, en xeral	5	4
■ Operador de cámara de TV	8	4
■ Operario de máquinas de pasar o ferro de confección industrial	5	4
■ Panadeiro	5	4
■ Soldador con soprete, en xeral	5	4
■ Traballador de conxelación de alimentos	5	4
■ Vixilante de seguridade	5	4
■ Xardineiro, en xeral	5	4
■ Animador comunitario	5	4
■ Asistente domiciliario	5	4
■ Carpinteiro metálico	5	4
■ Cociñeiro	5	4
■ Mecánico mantedor/reparador automoción, en xeral	6	4
■ Monitor deportivo	5	4
■ Caldeireiro-Tubeiro	6	3
■ Fontaneiro	5	3
■ Instalador electricista, en xeral	5	3
■ Mecánico axustador de automóbiles, en xeral: turismos/furgonetas	5	3
■ Operario de máquinas enlatadoras	6	3
■ Operario de máquina industrial de coser e bordar, en xeral	5	3
■ Soldador por arco eléctrico, en xeral	5	3
■ Técnico de enlaces de unidades móbiles	5	3
■ Operador equipos imaxe/luz en estudos	6	3
■ Condutor de furgoneta de ata 3,5 t	5	3
■ Traballador preparación de peixe para conserva	5	2
■ <b>TOTAL</b>	<b>331</b>	<b>254</b>

O número final de observadores foi de 254, o que supón un 76,7% do total dos contactados por vía telefónica. A media de cuestionarios enviados aos observadores foi de 5,4 por ocupación, sendo de 4,2 para os que foron remitidos.

Polo que respecta á experiencia profesional, máis do 70% dos observadores levaban máis de 10 anos exercendo diferentes funcións en empresas do sector vinculadas ás ocupacións, en tanto que só un 3,1% tiña menos de 5 anos.

#### NÚMERO E PORCENTAXE DE OBSERVADORES SEGUNDO A ANTIGÜIDADE LABORAL

	Observadores ocupacionais	%
■ Entre 0 e 5 anos	8	3,1
■ Entre 5 e 10 anos	58	22,8
■ Entre 10 e 20 anos	115	45,3
■ Máis de 20 anos	65	25,6
■ Indefinido	8	3,1
■ <b>TOTAL</b>	<b>254</b>	<b>100</b>

En relación co posto de traballo que ocupan actualmente, a maioría dos observadores teñen un cargo de responsabilidade no conxunto da súa empresa; así ocorre cun 63,6% dos entrevistados -sumando as categorías de encargados, responsables de área e empresarios e/ou xerentes-. Polo que respecta ao 26,8% de operarios, son persoas que actualmente desempeñan a ocupación pola que se lles preguntaba, se ben case todos tiñan unha dilatada experiencia no ejercicio profesional dela. Ademais, hai que sinalar a forte presenza de observadores pertencentes á provincia da Coruña, que é considerablemente menor nas de Lugo e Ourense.

#### NÚMERO E PORCENTAXE DE OBSERVADORES OCUPACIONAIS SEGUNDO POSTO DE TRABALLO ACTUAL

	Observadores ocupacionais	%
■ Operarios	68	26,8
■ Encargados	67	26,4
■ Responsables de área ou coordinadores	66	26,0
■ Empresario ou xerente	29	11,4
■ Traballadores con experiencia formativa	5	2,0
■ Xubilado	1	0,4
■ <b>TOTAL</b>	<b>254</b>	<b>100</b>

#### NÚMERO E PORCENTAXE DE OBSERVADORES OCUPACIONAIS SEGUNDO A PROVINCIA

	Observadores ocupacionais	%
■ A Coruña	137	53,9
■ Pontevedra	73	28,7
■ Ourense	25	9,8
■ Lugo	19	7,5
■ <b>TOTAL</b>	<b>254</b>	<b>100</b>

Por último, hai que sinalar que nos cuestionarios remitidos corrixíronse os posibles errores ou equivocacións. Dado o carácter fluído na comunicación cos observadores, supervisáronse telefónicamente aqueles cuestionarios que presentaban dubidas ou incongruencias -ao redor dun 30% dos cuestionarios remitidos. Finalmente, os cuestionarios foron gravados en soporte magnético a través dunha aplicación en Access.

## VI. Análise e presentación das fichas ocupacionais

Os criterios para analizar a información tiveron en conta as diferencias notables que esta presentaba en función das súas orixes e natureza. Así, había información presentada nos cuestionarios que estaba nidiamente definida pola documentación analizada; neste tipo de preguntas a función dos observadores era validala e matizala; polo contrario, naquelas preguntas en que a documentación era insuficiente, os observadores ocupacionais convertíanse na fonte principal de información. Naquelhas ocasións en que a información establecida no cuestionario non era validada polos observadores, optouse por non presentala nas fichas finais.

Non obstante, e dada a complexidade da información, cada un dos apartados das fichas ocupacionais reúnen especificidades que convén comentar a continuación segundo bloques de información.

### 1. Denominación da ocupación

- A. Nome e código. Corresponden ás diferentes denominacións recollidas na Clasificación Nacional de Ocupacións -CNO-94-.
- B. Outras definicións e ocupacións afins. Recolle as respuestas facilitadas polos observadores ocupacionais.
- C. Ocupacións da área profesional. Establecidas segundo o directorio que figuraba no Catálogo de Especialidades de Formación Ocupacional.
- D. Categorías profesionais. Sinaláronse a partir dos convenios colectivos aos que se podían acoller as diversas ocupacións. Fíxose unha selección daquelas categorías que figuraban no convenio en función da súa aplicación concreta a cada ocupación. Esta información, igual que a anterior, non aparecía reflectida no cuestionario.

### 2. Descripción da ocupación

- A. Definición e funcións. A fonte principal de información foron os certificados de profesionalidade; no seu defecto, optouse por empregar os estudos realizados por outras entidades ou por outro tipo de material normativo. Posteriormente incorporouse a información dos observadores para a delimitación última destas.
- B. Lugar de traballo, condicións atmosféricas, sonoridade, iluminación, temperatura, instrumentos de traballo e posición de traballo. Para a configuración inicial das categorías empregáronse os estudos realizados por outras entidades; naquellas ocupacións que non contaban con información específica, optouse por establecer unhas categorías estandarizadas que recollían a totalidade da casuística que se podía dar en cada ocupación. Empregouse un sistema escalar de resposta para medir a intensidade de cada unha das categorías -sempre, frecuentemente, ás veces- o nivel de intensidade, así como a pertinencia das categorías, eran establecidos a partir das opinións dos observadores ocupacionais. Posteriormente, na análise ponderouse cada unha das respuestas dos entrevistados empregando unha conversión numérica; cando algúns das respuestas se situou nunha posición equidistante de dous niveis de intensidade, optouse por establecer un novo nivel que reflectía esta situación. Así, "case sempre" situábase entre "sempre" e "frecuentemente", "usualmente" era o nivel equidistante entre "frecuente" e "Ás veces", en tanto que "excepcionalmente" era dunha intensidade menor que "ás veces".
- C. Enfermidades, accidentes, danos. A procedencia das categorías era igual que a sinalada no apartado anterior. Tamén se empregou un sistema escalar de resposta para medir a intensidade das categorías -alta, media, baixa-, así como unha ponderación da resposta a través dunha conversión numérica. Para os niveis de intensidade que estaban nunha situación intermedia, estableceronse as seguintes denominacións: "media/alta" para aquellas que se situaban entre "alta" e "media", "media/baixa" para as respuestas situadas entre "media" e "baixa"; por último, "moi baixa" subliñaba unha intensidade case inexistente.
- D. Medidas de seguridade. As categorías foron establecidas previamente a partir das fontes documentais. Os niveis de intensidade eran dous: "sempre" ou "ás veces"; cando a resposta ponderada estaba nun nivel intermedio, estableceuse a denominación "frecuentemente" como reflexo desta situación.
- E. Disponibilidade para viaxar. A información a este respecto é o reflexo da resposta máis frecuente entre os entrevistados por cada ocupación.

### 3. Requisitos do traballador

- A. Nivel de estudos. A este respecto estableceuse como información válida a resposta más frecuente por parte dos observadores.
- B. Carnés profesionais. Esta información procedeu do material normativo dispoñible.
- C. Formación complementaria Agrupada en cinco niveis -coñecementos técnicos, coñecementos normativos, informática, idiomas e outros coñecementos-, a información consignada para tal efecto procede, tanto no referente a categorías como a nivel de intensidade, da información facilitada polos observadores ocupacionais.
- D. Condicions físicas. As categorías foron establecidas previamente a partir da información contida nos estudios de diversas entidades; posteriormente foron validadas polos observadores.

### 4. Preferencias

- A. Sexo e perfil de idade. Os resultados expresados nas fichas ocupacionais proceden das respuestas dos observadores. No referente á idade, no caso de existiren diferentes perfís sinalados, optouse por amosar o intervalo máis amplo dos expostos polos entrevistados.
- B. Capacidades demandadas. As categorías estableceronse a partir dos estudios elaborados polo Instituto Nacional de Emprego; naqueles casos en que non había información, optouse por establecer unhas categorías estándar. O nivel de intensidade, así como as categorías, eran verificadas polos entrevistados.

### 5. Características da contratación

- A. Sectores económicos. A súa distribución segundo a Clasificación Nacional de Actividades -CNAE-93- realizouse seguindo a descripción que se fai na publicación do Instituto Galego de Estatística. Nun principio recolléronse os sectores que se consideraban más significativos no cuestionario, deixando marxe para as propostas dos observadores, que se codificaron en termos da nomenclatura CNAE cando se trataba dun novo sector non establecido previamente. O nivel de desagregación da información é de 3 ou 4 díxitos; nalgúns casos optouse por unha desagregación a dous díxitos debido á posibilidade de poder excluir subsectores onde podía desenvolver profesionalmente a ocupación correspondente.
- B. Tipo de contrato preferente. A información contida nas fichas procede do rexistro de contratos do Servizo Galego de Colocación.
- C. Niveis salariais. O mínimo e máximo salarial son a cantidad menor e maior expresada polos observadores para cada unha das ocupacións. Deste xeito, este intervalo recolle toda a casuística presentada polos diferentes entrevistados.
- D. Xornada laboral habitual, tipo de organización laboral, actividades dos negocios e tendencia da contratación. Todos estos apartados están elaborados a partir da información facilitada polos observadores.
- E. Innovacións e cambios. Agrúpase en catro niveis: equipos e instrumentos, procesos, lexislativos e normativos, e de xestión. Tanto os cambios concretos como as súas consecuencias no contorno do traballo son achegas directas dos observadores.
- F. Capacidad de promoción profesional. Ademais de sinalar a posibilidade, os observadores debían sinalar ata que postos se podía promocionar na ocupación.

### 6. Formación Profesional asociada á ocupación

- A. Formación Profesional Regrada, Programas de garantía social. Esta información procede dos directorios establecidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; hai que sinalar que non foi incorporada nos cuestionarios.
- B. Formación profesional ocupacional. A fonte empregada para a consecución da información foi o Catálogo de Especialidades de Formación Ocupacional; non se considerou necesario contrastar esta información cos observadores ocupacionais debido a que o directorio recolle toda a formación que se efectúa neste subsistema da formación profesional.
- C. Formación profesional continua. Neste apartado só aparece a información facilitada polos observadores. No que respecta aos organismos que a imparten, optouse por designalos xenericamente segundo a natureza das súas funcións e o modelo organizativo que adoptan.
- D. Outros cursos de formación. A información recollida baixo este epígrafe reflete diferentes cursos realizados polos observadores que non se enmarcan dentro dalgún dos tres subsystemas de Formación Profesional.